





**FESTIVAL PRIMAVERA
TRC DANZA 2021**

1-13 / 06 >

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO I A CORUÑA

**P R O G R A M A C I Ó N
E X P A N D I D A**



FESTIVAL PRIMAVERA TRC DANZA 2021 1-13/06

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO I A CORUÑA



O **Teatro Rosalía de Castro** regresa en 2021 co Festival Primavera TRC Danza. Un programa intensivo, amorosamente pensado para que vós, os público(s), poidades atoparvos coa mellor danza no noso teatro. Non sabedes as ganas que temos de volver a vervos.

Entre os días 3 e 13 de xuño de 2021 poderemos gozar das obras de **Colectivo Nerval, Mikel Aristegui, Colectivo Vaca-burra, Manuel Rodríguez, Amalia Fernández, Marta Alonso e Diego Anido.**

E como vén sendo habitual coa **Programación Expandida TRC Danza**, ademais das funcións o festival ten preparadas unha serie de actividades de mediación dende o día 1 de xuño para que poidades entrar máis a fondo nos procesos artísticos dende o campo do movemento, da creación ou da crítica con distintas colaboradoras da comunidade cultural.

Agardamos que disfrutedes do programa. Vémonos no teatro!


P R O G R A M A

FESTIVAL PRIMAVERA

TRC DANZA 2021

1-13/06

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO I A CORUÑA



COLECTIVO NERVAL
MIKEL ARISTEGUI
COLECTIVO VACABURRA
MANUEL RODRÍGUEZ
AMALIA FERNÁNDEZ
MARTA ALONSO
DIEGO ANIDO

PROGRAMACIÓN EXPANDIDA >>>> MARCELA
SAN PEDRO > MIKEL ARISTEGUI > MANUEL RODRÍ-
GUEZ > ANDREA QUINTANA > GENA BAAMONDE >
AMALIA FERNÁNDEZ > COLECTIVO RPM > AFON-
SO BECERRA > CARMEN GIMÉNEZ MORTE > CATE-
RINA VARELA > DIEGO ANIDO > MARTA ALONSO


P R O G R A M A

FESTIVAL PRIMAVERA

TRC DANZA 2021

1-13/06

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO I A CORUÑA



0 1 / 0 6

> TALLER DE PÚBLICO(S)

0 3 / 0 6

> MIRADAS PERIFÉRICAS

> ANTES TODO
ESTO ERA CAMPO

0 4 / 0 6

> MIRADAS PERIFÉRICAS

> SIN TÍTULO 97/17

0 5 / 0 6

> TALLER DE PÚBLICO(S)

> PAISAXES
EN CONSTRUCCIÓN

> O RARO É QUE
BAILAR SEXA RARO

0 6 / 0 6

> EN BUSCA
DUN ANTI-CORPO

> BODY ON PAPER

0 8 / 0 6

> TALLER DE PÚBLICO(S)

0 9 / 0 6

> CORPO COLECTIVO

1 0 / 0 6

> ISTO NON É BERLÍN

1 1 / 0 6

> PUBLICAR DANZA

> EL RESISTENTE Y
DELICADO HILO MUSICAL

1 2 / 0 6

> TALLER DE PÚBLICO(S)

> MIRADAS PERIFÉRICAS

> BAILAR AGORA

1 3 / 0 6

> DISCOTECA DE SEÑORAS

> EL ALEMÁN

INSCRÍBETE
AQUÍ !



0 1 / 0 6

> DE 19 A 21 HORAS

0 5 / 0 6

> DE 11 A 13 HORAS

0 8 / 0 6

> DE 19 A 21 HORAS

1 2 / 0 6

> DE 11 A 13 HORAS

> SALA XAN EIRÍS
T. ROSALÍA DE CASTRO

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>> A CORUÑA

TRC
DANZA

> TALLER DE PÚBLICO(S)

CON CATERINA VARELA

Se asistir ao teatro é unha experiencia transformadora, sen dúbida o noso rol como público(s) vai moito máis aló do rato que pasamos nunha butaca. Se ademais falamos de sermos público(s) hoxe das artes do movemento, o que se produce é sempre un desprazamento das pezas, que nos pode levar cara a moitos lugares, ou mover o chan do lugar no que estamos.

Este taller está pensado para afondar nas posibilidades e resonancias que esta experiencia –a de sermos públicos das artes do movemento– pode provocar, tanto en cada un ou cada unha de nós individualmente, como no conxunto das persoas que participamos, como público(s), do acontecemento singular e único que é sempre unha obra escénica.



PROGRAMA
FESTIVAL



INSCRÍBETE
AQUÍ !



0 3 / 0 6

> MIKEL ARISTEGUI E
MARCELA SAN PEDRO

0 4 / 0 6

> MANUEL RODRÍGUEZ

1 2 / 0 6

> DIEGO ANIDO

> DE 18 A 20 HORAS
> DISTINTOS ESPAZOS

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

TRC
DANZA

> MIRADAS PERIFÉRICAS

TRES PRÁCTICAS DE MOVIMIENTO
CON MANUEL RODRÍGUEZ, DIEGO ANIDO,
MIKEL ARISTEGUI E MARCELA SAN PEDRO

Como antesala a algunhas das funcións do festival de primavera, lanzamos un programa de prácticas de movemento con distintos artistas para preparar o corpo que se senta na butaca. Na procura dese corpo atento, que se deixa afectar e se volve vulnerable na súa condición de espectador, cada artista conducirá a súa sesión de movemento dun modo distinto –propio da súa práctica artística– pero coa mesma intención compartida, a de afondar na

percepción sensorial e a mirada periférica que contempla tanto o que está dentro como fóra de foco. Tal e como di Marina Garcés, “liberar a visión pasaría por deixar que os ollos caian de novo no corpo”.

As prácticas estarán conducidas por Mikel Aristegui e Marcela San Pedro, Manuel Rodríguez e Diego Anido nun espazo próximo favorecendo o tránsito da práctica á función no TRC.



Unha oportunidade para achegarnos a unha investigación en proceso e coñecer máis a fondo este interesante proxecto que ven dende Valencia.

Marcela San Pedro é bailarina e coreógrafa de orixe chileno. Crea pezas de danza en Xenebra e Suíza, onde reside desde 1994.

PROGRAMA
FESTIVAL



INSCRÍBETE
AQUÍ !



0 5 / 0 6

> SALA XAN EIRÍS
DO TEATRO ROSALÍA

> DE 17.30 A 19.30 H

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>> A CORUÑA

TRC
DANZA

> PAISAXES EN CONSTRUCCIÓN

UNHA INSTALACIÓN COLABORATIVA
CON MANUEL RODRÍGUEZ

Manuel Rodríguez convidanos a transitar por unha paisaxe en construción a través dunha instalación colaborativa que cuestiona os límites entre o corpóreo, o físico e o espazo.

O artista recibe por primeira vez dentro da súa instalación aos público(s) do teatro, empregando materiais da súa peza <Body on paper>, abrindo a posibilidade de construír, reflexionar e habitar de forma conxunta esta paisaxe colectiva.

PROGRAMA
FESTIVAL



> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

FUNCIÓN TRC - DANZA

> TEATRO ROSALÍA DE
CASTRO

> ÁS 20.30 HORAS

Compra a túa entrada! > Nos
despachos de billetes do Tea-
tro Rosalía de Castro ou en
corunacultura.sacatuentrada.es



5
XUÑO

>>>>>>>>>> O RARO É QUE BAILAR SEXA RARO

>>> COLECTIVO VACABURRA

Con todxs nós: un corpo en rebe-
lión, atravesado, sublevado, a bailari-
na non-normativa, a bailarina faquir, a
taumaturga, a subalterna.

Andrea Quintana, a bailarina que nun-
ca quixo ser Giselle, presenta dende
un corpo pouco normativo, a beleza
máis pura da danza en escena. Unha
reinvidicación da danza como linguaxe
universal. A danza contaxiosa e invasi-
va. <O raro é que bailar sexa raro> é
unha autobiografía compartida, asina-

da por todos os corpos que están en
loita. Isto vai de bailar bailando.

O colectivo artístico Vacaburra é a
nova plataforma de creación e inves-
tigación de Gena Baamonde e Andrea
Quintana, dúas mulleres galegas con
ampla traxectoria no sector das artes
vivas. Un espazo de reflexión e bús-
queda, no que traballan dende unha
ollada transfeminista dentro das artes
escénicas.

PROGRAMA
FESTIVAL



INSCRÍBETE
AQUÍ !



0 6 / 0 6

> LIBRERÍA O FIANDÓN
> DE 12 A 13.30 HORAS

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>> A CORUÑA



> EN BUSCA DUN ANTI-CORPO

UNHA CONFERENCIA CO COLECTIVO VACABURRA
-ANDREA QUINTANA E GENA BAAMONDE-

Abrimos un espazo onde continuar a desaprender os corpos. Un espazo onde compartir os materiais de traballo, onde reescribir por riba do escrito deixando que outras corporalidades falen e atravesen o propio material. Anticorpos que nos axuden a cuestionar a normatividade. Un tempo e un espazo

no que ir de acampada aos corpos e na que saír fóra do corpo tamén. Onde problematizar o normativo. Recoñecer as nosas peculiaridades e rarezas, como forza, beleza, e posible estratexia de reinvencción. Un lugar onde viaxar polos referentes que abrazan a peza O raro é que bailar sexa raro.

PROGRAMA
FESTIVAL



> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

FUNCIÓN T R C - D A N Z A

> TEATRO ROSALÍA DE
CASTRO

> ÁS 20.30 HORAS

Compra a túa entrada! > Nos
despachos de billetes do Tea-
tro Rosalía de Castro ou en
corunacultura.sacatuentrada.es

6

XUÑO



>>>>>>>>> BODY ON PAPER

>>> MANUEL RODRÍGUEZ

<Body on paper> é un proxecto de Manuel Rodríguez que reflexiona sobre o cambio constante, a necesidade de reinventarnos e adaptarnos con todo o que iso conleva. A delicadeza e a resistencia dos corpos nunha viaxe inestable e impredecible. Este proxecto tradúcese nun libro de fotografía, un solo de danza/performance e unha instalación para espazos expositivos.

En escena, un bailarín cunha linguaxe única, transitando por texturas e pai-

saxes fugaces. A iluminación, o son, os textiles e o corpo converxen nunha acción efímera que debuxa a fragilidade e a fortaleza do vínculo que temos con nós mesmos e co entorno que nos rodea.

A idea de "Work in progress" sitúase como eixo transversal do proxecto, para acompañar a idea de cambio constante e para potenciar o valor do proceso como parte da creación e como suxeito de reflexión.

PROGRAMA
FESTIVAL



INSCRÍBETE
AQUÍ !



0 9 / 0 6

> TEATRO ROSALÍA
> DE 17 A 20 HORAS

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

TRC
DANZA

> CORPO COLECTIVO

UNHA PRACTICA DE CORPO
CON AMALIA FERNÁNDEZ

O lugar da atención é o que define que unha experiencia sexa dun tipo ou doutro. Neste laboratorio, o noso lugar de atención sitúase fóra de nós, e ao mesmo tempo esa atención proporcionáanos unha posición e unha función que é á vez individual e colectiva: persoal e social.

A través das prácticas de “corpo colectivo”, crearemos un estado de máxima atención, e tamén de mínima intención (non mente). Pura acción no presente. Intensidade. Ser parte e ser todo á vez. Pensar e facer co corpo. Poñer ao corpo en xogo. Poñer o teu corpo ao dispor dos outros corpos.

PROGRAMA
FESTIVAL



RESERVA O
TEU CONVITE!



1 0 / 0 6
> TEATRO COLÓN
> ÁS 20 HORAS

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

TRC
DANZA

> ISTO NON É BERLÍN

UNHA PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL
DE COLECTIVO RPM

Colectivo RPM retrata a escena da danza e das artes vivas na Coruña, a través dunha peza documental que conta coa participación dalgunhas das artistas que conforman esta comunidade.

Isto non é berlin atende á realidade das artes vivas na cidade e no territorio galego. As conversas mostran unha verdade con luces e sombras, un mapa de persoas plurais que nos achega á situación da creación contemporánea actual.

PROGRAMA
FESTIVAL



INSCRÍBETE
AQUÍ !



1 1 / 0 6

> NA FUNDA-
CIÓN LUIS SEOANE

> DE 18 A 19.30 HORAS

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

TRC
DANZA

> PUBLICAR DANZA

PRESENTACIÓN DO LIBRO PRE-TEXTOS 2014- 2018
E DO II E III VOLUME DA HISTORIA DA DANZA EN
ESPAÑA CON CATERINA VARELA, AFONSO BECERRA
E CARMEN GIMÉNEZ MORTE

Publicar danza é sempre motivo de celebración. Así, vestímonos de gala para acoller a presentación de tres libros publicados recentemente.

Por unha banda, a nosa compilación de Pre-textos 2021-2018 que despois de seren publicados en dixital durante os cinco primeiros anos da Programación Expandida TRC Danza hoxe collen corpo de libro para ocupar o seu espazo nas librerías de danza do país.

Por outro lado, contaremos coa presenza de Afonso Becerra e Carmen Giménez Morte presentando, os volúmenes II e III da Historia de la danza contemporánea en España. Estas publicacións enmárcanse dentro dunha triloxía asinada por varios autores e autoras baixo a liña de publicación de Artes y Oficios de la escena da Academia de las Artes Escénicas de España, co apoio do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y la Música (INAEM).

PROGRAMA
FESTIVAL



FUNCIÓN T R C - DANZA

> TEATRO ROSALÍA DE
CASTRO

> ÁS 20.30 HORAS

Compra a túa entrada! > Nos
despachos de billetes do Tea-
tro Rosalía de Castro ou en
corunacultura.sacatuentrada.es

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

11
XUÑO

>> EL RESISTENTE Y DELICADO HILO MUSICAL

>>> AMALIA FERNÁNDEZ

A continuidade como temática, <El resistente y delicado hilo musical> é un espectáculo que comeza coma un latido que non deixa de latexar ata que se apagan os focos. Esta peza de Amalia Fernández fusiona todos os oficios que ela desexaría ser: cantante, científica, estilista, mística, matemática e, finalmente, espectadora.

A bailarina e creadora Amalia Fernández, presenta un traballo fiado por unha linguaxe universal que consegue romper a barreira coa audiencia e facelos partícipes desta dinámica experiencia. Con cinco intérpretes sobre o escenario, o fío musical é continuo, transita por partituras de movemento corais, performativas e teatrais con coreografías extremadamente precisas que compoñen un fío musical que podería ser eterno.

PROGRAMA
FESTIVAL



> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

12
XUÑO

FUNCIÓN T R C - DANZA

> TEATRO ROSALÍA DE
CASTRO

> ÁS 20.30 HORAS

Compra a túa entrada! > Nos
despachos de billetes do Tea-
tro Rosalía de Castro ou en
corunacultura.sacatuentrada.es

>> BAILAR AGORA

>>> MARTA ALONSO

<Bailar agora> achéganos á parte mais emocional e relacional da danza. Unha pequena historia da danza contada de forma autobiográfica. A peza fai un retrato da danza como símbolo de liberación e conexión en momentos de incerteza. Bailar hoxe, <Bailar agora>, para conectarnos co presente que habitamos.

A artista multidisciplinar Marta Alonso Tejada, acompañada por Victoria P. Miranda e Pablo Reboleiro no proceso de creación e por Laura Iturralde na iluminación, transita por vivencias persoais, na búsqueda dunha linguaxe propia que mistura a danza contemporánea, a danza clásica e o humor.

PROGRAMA
FESTIVAL



INSCRÍBETE
AQUÍ !



1 3 / 0 6

> NA FUNDA-
CIÓN LUIS SEOANE

> DE 11 A 13 HORAS

> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA



> DISCOTECA DE SEÑORAS CON SERVICIO PARA CRIANZAS

UNHA PRÁCTICA DE CORPO CON MARTA ALONSO
PARA PERSOAS ACOMPAÑADAS DE NENAS E NENOS

Quen marca a idade na que xa non podemos ir á discoteca? Será que por ser nai xa non teño dereito a bailar ata que amaneza? Existen as discotecas de señoras? Marta Alonso convidanos á súa propia.

A Fundación Luis Seoane, convertirase durante 2 horas, nunha discoteca á luz do día. Soltar o corpo, bailar sen límites, súar e desfrutar do movemento en comunidade. O éxtase da festa recon-

vertido nunha discoteca na que vivir unha experiencia compartida a través da danza.

A actividade virá acompañada dun obradoiro paralelo para a cativada, que a conciliación non sexa un problema, poderás traer ás túas crianzas e desfrutar da práctica mentres elas gozan dunha actividade pensada para idades máis novas.

PROGRAMA
FESTIVAL



> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>> A CORUÑA

NEW
PDL

F145

13
XUÑO

FUNCIÓN TRC - DANZA

> TEATRO ROSALÍA DE
CASTRO

> ÁS 20.30 HORAS

Compra a túa entrada! > Nos
despachos de billetes do Tea-
tro Rosalía de Castro ou en
corunacultura.sacatuentrada.es

>> EL ALEMÁN


>>> DIEGO ANIDO

O artista multidisciplinar Diego Anido presenta a súa peza <El alemán>, estrenada no ano 2005 pero recuperada no 2020 no Teatro Ensalle de Vigo. O traballo do intérprete combina linguaxes diversas dunha forma impecable e moi personal; a danza, o teatro físico, o traballo textual ou a ventriloquía con algunhas das disciplinas das que se nutre Diego nos seus traballos escénicos.

El alemán, Paperboy, Cascuda, Symon Pédicri ou El rey del pop, son os títulos dalgúns dos traballos unipersonais do intérprete. Todos estes traballos conforman un colectivo de personaxes ficcionais, que transitan entre a cordura e a locura, entre a escuridade que habita nas personas e as emocións humanas mais puras. Humor, misterio, e un traballo de movemento e interpretación moi pulido, que dan lugar a atmósferas hipnóticas.

PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2021

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO | A CORUÑA



PE-TRCDANZA.GAL

> DIRECCIÓN DO TEATRO ROSALÍA DE CASTRO E PROGRAMACIÓN DAS FUNCIÓNS > PAULO RODRÍGUEZ

> CURADORÍA E COORDINACIÓN DA PROGRAMACIÓN EXPANDIDA > CATERINA VARELA EN DIÁLOGO COAS ARTISTAS